



Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia BINV-CS / 2023

Expediente 2023000005808

## **RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023-ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Vista a resolución do Presidente número 16774, do 26 de abril de 2023, pola que se aproba a relación provisional das persoas admitidas e excluídas para participar na convocatoria de bolsas investigación 2023 - Área de ciencias da saúde.

No prazo concedido na devandita resolución non se presentaron alegacións nin emendas de erros.

As bases reguladoras das bolsas de investigación, publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 44 do 6 de marzo de 2023, establecen que na primeira reunión que se realice, poderán reasignarse a outra área e por conseguinte a outro tribunal, aqueles proxectos que polas súas especiais características ou por erro das persoas solicitantes, non estean correctamente clasificados, coa finalidade de que sexan avaliados polo tribunal competente.

O tribunal da área de ciencias sociais, xurídicas e estudos de xénero, reasignou o proxecto de IRENE MERA GONZÁLEZ á área de ciencias da saúde.

### **RESOLVO:**

Aprobar a relación definitiva de admitidos e excluídos para participar na convocatoria de BOLSAS INVESTIGACIÓN 2023- Área de ciencias da saúde, de acordo co seguinte:

### **PERSOAS ADMITIDAS**

#### **ALARCÓN VELEIRO, CARMEN FÁTIMA**

Título do proxecto: *“Novos mecanismos moleculares de resistencia a ferroptose nas células senescentes coma potencial aproximación terapéutica para o cancro de ovario epitelial”*

#### **CAAMAÑO TEIXEIRA, SABELA**

Título do proxecto: *“A encima AMPK constitúe unha diana chave na loita contra o glioblastoma”*

#### **DUONG , THI KIM THOA**

Título do proxecto: *“Novedosa formulación para aplicación en la hipertensión arterial pulmonar basada en polvo seco de sildenafil”*

#### **LADO FERNÁNDEZ, PATRICIA**

Título do proxecto: *“A regulación do xene de pluripotencia SOX2 en cancro”*

#### **LÓPEZ PARDO, MIRIAN**

Título do proxecto: *“Papel da autofaxia no remodelado da membrana peritoneal asociado a pacientes tratados con diálise peritoneal. efecto dunha dieta antioxidante.”*

#### **LORENZO CATOIRA, LIDIA**

Título do proxecto: *“LncRNAs asociados a vesículas extracelulares no cancro de ovario”*

**MARTÍNEZ BORRAJO, REBECA**

Título do proxecto: *“Nanopartículas para educar macrófagos cara un ambiente rexenerativo na artrose”*

**MERA GONZÁLEZ, IRENE**

Título do proxecto: *“Efectos agudos da estimulación por corrente directa sobre o rendemento nunha tarefa de forza ata o fallo. Variabilidade interindividual en resposta á estimulación da M1 e a DLPFC”*

**PAZ CASTRO, ALBA**

Título do proxecto: *“Expandindo a farmacoloxía do receptor CX3CR1 de fractalquina: identificación de ligandos activos e descifrado da súa sinalización intracelular”*

**QUINTELA VILARIÑO, CARMEN**

Título do proxecto: *“Efecto de LEAP-2 sobre a enfermidade metabólica do fígado graxo (MAFLD) e evolución a NASH (esteatohepatite)”*

**RODRÍGUEZ CENDAL, ANA ISABEL**

Título do proxecto: *“Estudio de la aplicación de nanopartículas de pha para la liberación controlada de fármacos en ingeniería tisular.”*

**RODRÍGUEZ VARELA, GONZALO**

Título do proxecto: *“Relación entre la disfunción mitocondrial y la regulación de la respuesta inflamatoria en células mononucleares de sangre periférica en la artritis reumatoide”*

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.